



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Aprobación do padrón fiscal do 3º bimestre 2025 da taxa pola subministración de auga, conservación de contadores e acometidas, rede de sumidoiros e canon da auga

ANUNCIO

Aprobación do padrón fiscal taxa servizo de auga e sumidoiros 3º bimestre 2025

Por Resolución da Alcaldía 496/2025 de data 01.07.2025 aprobáronse os padróns fiscais da taxa por subministración de auga, conservación de contadores e acometidas, así como da taxa por rede de sumidoiros e canon da auga, correspondentes ao **terceiro bimestre** de facturación do ano **2025**.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, nos artigos 24 e seguintes do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, procédese á notificación colectiva e exposición ao público do citado padrón e á apertura dun prazo de 15 días hábiles contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP para que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións que estimen oportunas.

O prazo de ingreso voluntario das débedas correspondentes ao **terceiro bimestre** do **2025** será de dous meses desde a publicación deste anuncio no BOP. O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do período executivo percibíndose as recargas e demais conceptos esixibles, en aplicación dos artigos 26 e 28 e 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria. O importe do canon da auga non ingresado no período voluntario será esixido pola vía de constrinximento pola Concellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Contra a presente notificación poderase interpoñer o recurso de reposición regulado no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, ante o órgano que ditou o acto. Transcorrido o prazo máximo dun mes desde a interposición do recurso sen que recaera unha resolución expresa, o recurso considerase desestimado, quedando aberta a vía para a interposición do recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso – administrativo. Todo isto sen prexuízo de calquera outro recurso que os interesados consideren oportuno.

Contra a repercusión do canon da auga poderase interpoñer reclamación económico administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación, consonte co establecido no artigo 49.7 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Arzúa, a 10 de xullo de 2025.

O alcalde

Asdo. Xoán Xesús Carril Ramos

2025/4604